



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

LUNS, 18 DE NOVEMBRO DE 2019

N.º 264

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA

Anuncio

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, fago público, para xeral coñecemento, que por resolución da dirección de Augas de Galicia de data 17 de outubro de 2019 e como resultado do expediente incoado ó efecto, outorgouse a María Dolores Vázquez Carballés unha concesión de 2135 m³ anuais de auga procedente do manancial Fonte do Espiño, na parroquia do Burgo (Santa María), no concello de Muras (Lugo), con destino a uso gandeiro.

Número Expte: DH.A27.59883

O xefe do Servizo de Tramitación Técnico-Administrativa do Dominio Público Hidráulico José Ángel Someso Anguita.

R. 3388

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Tomás Vázquez Lestegás solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.66669.

As obras solicitadas consisten na construcción dunha edificación auxiliar na finca de referencia catastral 27067A038006450000XB, na zona de policía dun rego innominado, a uns 56 metros da canle; no lugar de Cora, na parroquia de Valcarría, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quien o deseñe.

Lugo, 11 de novembro de 2019, A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3435

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Juan José Pena Candia solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62251.

As obras solicitadas consisten na reconstrucción dun muro de contención, acondicionamento e peche parcial de parcela, construcción dunha rampla e formigonado de soleira, demolición parcial dunha parte da edificación e actuacións na fachada. As obras atópanse na finca de referencia catastral 3859403PJ1335N0002PW; na zona de D.P.H., servidume e policía do rego das Nogueiras; no lugar das Nogueiras, na parroquia de Santa María do Campo, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda

da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 11 de novembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3436

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José Arturo Braña García solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65985.

As obras solicitadas consisten na construcción dun almacén e un estabulo no predio con referencia catastral 27005E003004540001UX; na zona de policía do rego de Pena de Benquerencia, no lugar da Golada, na parroquia de San Pedro de Benquerencia, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 11 de novembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3437

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 4 de novembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construcción dunha instalación eléctrica no concello de Castro de Rei. (expediente IN407A 2019-27AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construcción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Marcos Antonio Cupeiro Blanco

- Domicilio Social: Xordo, 3. Santa María de Quintela. 27258 Castro de Rei. Lugo

- Denominación: "LÍNEA 20kV AÉREA/SUBTERRÁNEA Y CENTRO DE TRANSFORMACIÓN 50kVA REIGADA-QUINTELA (SANTA MARÍA)"

- Situación: concello de Castro de Rei

- Características técnicas:

- Liña de Media tensión aérea a 20kV (LMT1) con orixe no apoio de celosía proxectado por BEGASA (Expte: 28-2019-AT) pertencente a liña Villalba/Der. Bexán/ Fontela/ Pedralba e final no apoio nº 1 tipo HV-250/11, no cal se realiza un paso aéreo a soterrado e se instala un seccionador XS, cunha lonxitude de 9 metros en condutor tipo LA-56

- Liña soterrada de Media Tensión a 20kV con orixe no paso aéreo a soterrado executado no apoio nº 1 tipo HVH-250/11 e final nun paso aéreo a a soterrado executado no apoio nº 2 tipo HVH-250/11, cunha lonxitude de 82 metros en condutor tipo RHZ1-95mm2.

- Liña de Media tensión aérea a 20kV (LMT2) con orixe no apoio de formigón nº 2 tipo HVH-250/11 e final no apoio nº 3 tipo HV-1600/11, no cal se proxecta o CTI de 50kVA, cunha lonxitude de 5 metros en condutor tipo LA-56.

- Centro de transformación Intemperie sobre apoio de formigón nº 3, cunha potencia proxectada de 50kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

- Liña de Baixa Tensión soterrada, con orixe no cadro de baixa tensión do CT proxectado e final na CXP do solicitante, cunha lonxitude de 10 metros en condutor XZ1-150mm2

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as

actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instruccións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, resolve:

Conceder a autorización administrativa previa e de construcción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 4 de novembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 3389

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS. SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLOS

Anuncio

CONVOCATORIA DO VIII ENCONTRO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

“A reforma do réxime local en Galicia. A planta local”

O municipio constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia, regulándose na lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, os seus elementos esenciais, de entre os cales destaca, pola problemática que leva aparellada, o territorio. A opinión unánime, neste momento, é que o número de municipios españoles non é, precisamente, pequeno, polo que o seu aumento non semella o máis deseable, sobre todo se temos en conta que, en principio, os pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, difficilmente poden atende-las esixencias que require a prestación dos servizos públicos. Por isto preténdese lograr fórmulas axeitadas que, sen adoptar medidas drásticas, dificulen a creación de novos municipios independentes, favorecendo, pola contra, o asociacionismo municipal, xa que a experiencia demostrou que as mancomunidades de municipios ou os consorcios locais, infráutilizados no territorio galego, xestionan con menor custo e maior efectividade as competencias locais especialmente no caso dos pequenos municipios .

Poténciase actualmente, se cabe, e por outro lado a competencia especial que teñen as deputacións provinciais, consistente en «asegura-lo acceso da poboación ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal», podendo, mesmo, substituílo municipio na prestación deles e debendo facelo coa aprobación do Plan provincial de obras e servizos. Ademais, no marco da proposta de Administración única e do principio de subsidiariedade, están chamadas a desempeñar un papel cada vez máis importante no conxunto do sector público xa que, pola súa experiencia e proximidade ó ciudadán, poden prestar mellor os servizos que este demanda.

O desenvolvemento deste **VIII ENCONTRO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS** busca a reflexión ou debate sobre a reforma local en Galicia, coa asistencia de diferentes expertos na materia que farán unha análise da denominada planta local no noso territorio a través dos seus relatorios e experiencias, e tendo en conta o dereito comparado do noso contorno más preto.

PROGRAMA

VIII ENCONTRO PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

“A reforma do réxime local en Galicia. A planta local”

Salón de actos da Deputación Provincial de Lugo

-3 de decembro de 2019-

9:30h.- Recepción dos asistentes**9:45h.- Apertura oficial**

10:00h. - 11:15h.- Relatorio: Os Gobernos locais intermedios: presente e futuro das Deputacións Provinciais. Dereito comparado

D. Serafín Pazos Vidal

Responsable de Política Europea da Convención Escocesa de Autoridades Locais (COSLA) - Xefe da Oficina de Bruxelas

11:15h. - 12:30h.- Relatorio: A planta municipal: o problema do pequeno concello. Fusión / supresión e outras alternativas. Análise das experiencias europeas

D. Fernando López Ramón

Catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Zaragoza

12:30h.- Pausa

13:00h. - 14:15h.- Relatorio: O concello como institución dinamizadora da localidade. O rol das cabeceiras de comarca

D. Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo

14:15h.- Clausura**OBXECTIVOS:**

A reflexión ou debate sobre a reforma local en Galicia, coa asistencia de diferentes expertos na materia que farán unha análise da denominada planta local no noso territorio a través dos seus relatorios e experiencias, e tendo en conta o dereito comparado do noso contorno máis preto

LUGAR:

- Salón de actos da Deputación de Lugo

DATA:

- 3 de decembro de 2019 (sesión de mañá)

INSCRICIÓN E PRAZO:

- Inscricións en liña a través do "banner" do Encontro na páxina web: www.deputacionlugo.gal

- Prazo: dende o día de publicación deste anuncio no BOP de Lugo e ata o día 2 de decembro de 2019

ORGANIZA:

- Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos

DESTINATARIOS:

- Alcaldes, concelleiros, deputados provinciais, outros cargos electos, secretarios, secretarios interventores, interventores, tesoureiros, e persoal ao servizo dos entes locais e do sector público local. O aforo estará limitado pola capacidade do Salón de actos da Deputación

Lugo, 25 de outubro de 2019.- A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3254

CONCELLOS**LÁNCARA****Anuncio**

"Decreto.- A Pobra de San Xiao (Láncara), 11 de novembro de 2019.

Por resolución de alcaldía nº 190 do Concello de Láncara de data 29 de xullo de 2019 aprobáronse as bases e a convocatoria para a selección dunha funcionario/a de carreira, Administrativo/a deste Concello mediante concurso - oposición libre.

As bases publicáronse integralmente no BOP de Lugo nº 181 de o de agosto de 2019. Os extractos de anuncios da convocatoria inseríronse no DOG nº 173 de 12 de setembro de 2019, e no BOE nº 232 de 26 de setembro de 2019.

De conformidade co previsto na base 8ª das bases xerais que rexeron a convocatoria, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de aspirantes ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDAS do seguinte posto e categoría:

a.- Aspirantes admitidos/as

(nº Rexistro de entrada -RE-)

| | |
|-------------------------------|------------------------------------|
| Yesica Oreiro Pérez, | RE-1102 |
| Zita López Teijeiro, | RE-1105 (exento proba de galego) |
| Nathanny Silva Fernandes, | RE-1119 (exento proba de galego) |
| Julia Melón Fernández, | RE-1131 |
| Jesús Manuel Soto Vivero, | RE-1136 (exento proba galego) |
| Aurora De Vega Flores, | RE-1145 (exento proba galego) |
| Ana López López, | RE-1152 (exento proba galego) |
| David Zas Fernández, | RE-1157 (exento proba galego) |
| Soraya Blanco Rodríguez, | RE-1158 (exento proba galego) |
| Josep María Martínez Ferrer, | RE-1159 |
| Enrique Novoa Fernández, | RE-1185 (exento proba galego) |
| Raquel Armesto López, | RE-1190 (exento proba galego) |
| Paula López Rodríguez, | RE-1205-1206 (exento proba galego) |
| Ana Díaz Álvarez, | RE-1207 (exento proba galego) |
| Noelia López Beneitez, | RE-1208 |
| Modesto González Freire, | RE-206 (exento proba galego) |
| Marta María Copa Pérez, | RE- 1210 (exento proba galego) |
| Jorge Vázquez Freire, | RE-1211 (exento proba galego) |
| Óscar López Castro, | RE-1212 (exento proba galego) |
| Mª José Fernández Meilán, | RE-1213 (exento proba galego) |
| Cristina Ares Vázquez, | RE-1215 (exento proba galego) |
| Vanesa Porto Abelairas, | RE-1217 (exento proba galego) |
| Jesús Enrique Requejo Peccis, | RE-1218 |
| Ana Castaño Fernández, | RE-1219 (exento proba galego) |
| Andrea Armada Fernández, | RE-1224 (exento proba galego) |
| María Vanesa Fernández López, | RE-1225 (exento proba galego) |
| Teresa López Vázquez, | RE-1226 (exento proba galego) |
| Aránzazu Rodríguez Méndez, | RE-1227 |
| Carlos Fernández García, | RE-1228 (exento proba galego) |
| Cristina Abella Rodríguez, | RE-1229 (exento proba galego) |
| Vanessa Martínez Amoedo, | RE-1231 (exento proba galego) |
| Agostiño Reigosa Lombao, | RE-1248 (exento proba galego) |
| Miguel Rodríguez Cabañas, | RE-1249 (exento proba galego) |
| Tamara Vázquez Montes, | RE-1250 (exento proba galego) |

b.- Aspirantes excluídas

Motivo

| | | |
|-------------------------|---------|-----|
| Andrea Tojo Villanueva, | RE-1216 | (1) |
| María Fe Sixto Pernas, | RE-209 | (2) |

Motivos

(1) Non presentar copia do DNI. Subsanable.

(2) Entregar instancia fóra de prazo. Non subsanable.

Segundo.- Publicar o presente decreto no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal> outorgando un prazo de dez días hábiles ós efectos de reclamacións.

Mándao e asínao o señor alcalde, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde, Darío A. Piñeiro López.- A secretaria, Mónica Vázquez Fandiño”.

R. 3446

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 19009609 DO 13/11/2019

Ima. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 19000863 do 7/02/19, se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de SARXENTO BOMBEIRO, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, quenda promoción interna (OPE 2016) que se rexea polas bases específicas aprobadas na Xunta de Goberno Local mediante acordo nº 5/5 do 2 de xaneiro de 2019 como polas bases xerais para o acceso en propiedade a prazas vacantes.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 54, de 6 de marzo de 2019, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 124, de 2 de xullo de 2019.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 187, de 6 de agosto de 2019.

Vista a acta do Tribunal cualificador, de data 7 de novembro de 2019, relativa á proposta de acceso a unha praza de sargento por promoción interna, na que acorda:

PRIMEIRO.- Propoñer o acceso en propiedade a unha praza de SARXENTO pertencente ao cadro de persoal funcionario a:

- Don Miguel López Palacios, co dni nº 33341848J

SEGUNDO.- Elevar a citada proposta á Tenente de Alcaldesa delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, como autoridade convocante.

TERCEIRO.- Facer pública a presente Resolución a través do Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e da páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante da proposta.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 19005684, ditado o 1/07/2019 e modificado polo Decreto número 19005695, ditado o 3/07/2019 **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación do aspirante aprobado no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 (BOP de Lugo do 7.11.2014 e 15.02.2019):

1 PRAZA DE SARXENTO BOMBEIROS

DON MIGUEL LÓPEZ PALACIOS, co dni nº 33341848J

Segundo.- O opositor aprobado, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final séptima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demás requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incuso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- b) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite

a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 3482

MONDOÑEDO

Anuncio

Expediente nº: 1143/2019

Asunto: Contratación das obras de "Ampliación do Camiño de Fondoso - Mondoñedo (Lugo)" por procedemento aberto simplificado cun único criterio de adxudicación

Asunto: Delegación específica das funcións da Alcaldía como Presidente da Mesa de Contratación

DECRETO DE ALCALDÍA

Non podendo exercer as funcións que corresponden a esta Alcaldía na presidencia da Mesa de Contratación a celebrar en data 6 de novembro de 2019 no procedemento de adxudicación das obras de "Ampliación do Camiño de Fondoso - Mondoñedo (Lugo)", en aplicación do establecido nos artigos 43 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

Primeiro.- Delegar no primeiro tenente de alcalde, don Manuel Ángel Otero Legide, as funcións correspondentes á Alcaldía na presidencia da citada Mesa de Contratación.

Segundo.- O presente decreto entrará en vigor na data de delegación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e da súa posta en coñecemento do Pleno.

O manda e asina a sra. alcadesa ante mí a secretaria, dou fé.

A alcadesa, M^a Elena Candia López.- A secretaria, Ana I. Candame Areosa.

R. 3439

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE OUTUBRO 2019.

Por Resolución de alcaldía de sete de novembro de 2019 respectivamente, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularen suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 5 de decembro de 2019 ao 5 de febreiro de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 5 de decembro de 2019 ao 5 de febreiro de 2020**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 8 de novembro de dous mil dezanove. O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3440

SARRIA

Anuncio

Aprobada provisionalmente por acordo do Concello Pleno, adoptado en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2019, a desafectación e polo tanto a alteración da cualificación xurídica, pasando de ben de domicilio público a ben patrimonial, como parcela sobrante, o ben inmóvel sito no lugar de Escarlan, parroquia de Goián, con referencia catastral 27057A020090340000JB, denominado como "Camiño de corga do Couso", desta localidade. A lonxitude do tramo afectado pola desafeción é de 150 metros lineais, sendo a anchura variable e cunha superficie afectada duns 603 m².

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública o expediente polo prazo dun mes, a contar do día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Durante devandito prazo poderá ser examinado o expediente e formularse as alegacións que se estimen pertinentes, de non habelas elevarase automáticamente a definitivo o acordo de 31/10/2019 no que se aprobou provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben citado.

Sarria, 11 novembro de 2019.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3441

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/21354

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 02 OCT 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Regantes de Riego Quintá-Baleira, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,49 l/s de agua procedente del río Pedroso, en el lugar de A Quintá, parroquia de Pousada (San Lourenzo), término municipal de Baleira (Lugo) con destino a riego de 6,2371 has.

Lugo, 5 de novembro de 2019.- EL JEFE DE SERVICI, José Manuel Blanco López.

R. 3404

Anuncio

Expediente: A/27/14252

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 18 OCT 2019 y como resultado del

expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de Guitiriz, la oportuna modificación de características de la concesión de un caudal de 4,3 l/s del manantial "Do Foxo" consistente en el incremento de caudal de 13,42 l/s de agua y el cambio de captación al arroyo de San Xoán, mediante una presa de gravedad en el paraje de Pena da Cruz de Buño, T.M. de Guitiriz (Lugo) para abastecimiento al núcleo urbano de Guitiriz (consumo humano, establecimientos públicos y Ciudad Verde).

Lugo, 5 de noviembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3405

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/29029

Jesús Núñez Trebolle en representación de Xunqueira S.C., solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,188 l/s de agua procedente de un pozo situado en la parcela catastral 1774 del polígono 14, en el lugar de Xunqueira de Abaixo, parroquia de Oleiros (San Martiño), en el término municipal de Láncara (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realizará desde pozo de 155 m de profundidad. Mediante una bomba de 3 CV las aguas son bombeadas y conducidas mediante tubería de polietileno a dos depósitos de 5.000 l de capacidad desde donde son distribuidas a las naves de porcino.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Láncara, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 5 de noviembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3406

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) - GUITIRIZ

Anuncio

EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR Y TRANSPORTE DE ESTUDIANTES EN EL CURSO 2019-2020

BDNS(Identif.):480934

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b e 20.8.a de la ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo se puede consultar en la Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bndstrans/index>):

Primero. Beneficiarios:

Familias empadronadas en el Concello de Guitiriz que tengan a menores a su cargo matriculados en centros de enseñanza pública en el nivel de Educación Infantil (2^a Etapa, de 3 a 5 años), BAC; así como matriculados en ciclos formativos o universitarios, que cumplan los requisitos recogidos en el artículo 13.2 de la Ley 18/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

En el caso de existir un menor en la unidad familiar con una discapacidad reconocida entre el 33% y el 65%, este hijo computará como dos miembros, en el caso de que la discapacidad sea superior al 65% este hijo computará por tres miembros.

Segundo. Objeto:

Ayudas en concurrencia competitiva para adquisición de equipamiento y material escolar, y ayuda de transporte de los/as alumnos/as empadronados/as y escolarizados/as en los siguientes cursos:

-Educación Infantil (2^a etapa de 3 a 5 años): material escolar.

-BAC (alumnos residentes en Guitiriz matriculados en centros fuera de nuestro municipio): transporte.

-Ciclos formativos y Universidad: transporte.

Tercero. Bases reguladoras:

Las bases reguladoras se publican en la web del Ayuntamiento de Guitiriz www.concelloddeguitiriz.com

Cuarto. Cuantía:

El importe de las ayudas no podrán ser inferiores a 100 euros ni superar los 300 euros por alumno en el caso de ayudas al transporte, ni ser inferiores a 75 euros ni superar los 100 euros por alumno en el caso de ayudas a material escolar para los alumnos do 2º ciclo de educación infantil. El límite máximo del crédito dedicado a estas ayudas será de 25.000 euros.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes:

El plazo de presentación será de 15 días hábiles a contar desde el siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia.

Guitiriz, 4 de noviembre de 2019.- La Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3407
